

Velaí unha mostra das nosas cabzas



A información sobre o samain foi recopilada e elaborada polo alumnado de 1º da ESO na aula de Proxecto Interdisciplinar

O SAMAIN

Que é?

O “*samain*” ou festa dos mortos é unha festividade de orixe céltica que se celebraba a noite do 31 de outubro, data que marca o inicio do aninovo no calendario celta. Nestas datas poñíanse candeas acendidas nas fiestras para axudar a guiar os espíritos antecesores do fogar, e colocábanse máis cadeiras ao redor da mesa e do lume para os invitados invisibles. Tamén se elaboraban cabzas meténdolles dentro unha candea e tallándolles ollos e dentes imitando caveiras.

Onde se celebra?

Esta festa, internacionalmente coñecida como *Halloween*, celébrase nos distintos territorios de influencia celta. Tamén en diversos lugares de Galicia estaba estendida a tradición das cabzas talladas ata hai moi poucos anos.

Na comarca de Navia temos constancia de que tamén se celebraba ata as décadas dos 50-60 polo menos en lugares como: Rao, Embernallas, Mera, Virigo e Vilarpandín, Barcia, Son, Abrente, Vilaquinte e Vilarantón.

Este ano, o alumnado do C.P.I. Doutor Daniel Monje, tamén quixemos celebrar xunto ao magosto a **festa das caveiras**.

A TRADICIÓN DAS CABAZAS NA COMARCA DE NAVIA

Dende o centro estivemos recollendo datos sobre a existencia desta festa na nosa zona.

✓ LUGARES E PERSOAS QUE SE LEMBRAN DESTA TRADICIÓN:

RAO	Julio e Manolo, pai e tío de Laura e Julia Gegunde Julio Barrero, marido de Estrella
EMBERNALLAS	Balbina, avoa de Alba, Meritxell e Marc
MERA	Maruja Blanco Fernández, avoa de Cristian e Miriam Manolo Toxedo, marido de Concha
VIRIGO E VILARPANDÍN	Marifé López Fernández, avoa de Fran, Paula e Xiana
BARCIA	Julia Fernández, avoa de Cristian e Miriam Daniel da Granda de Barcia
SON	Raquel escoitoullo aos seus veciños de Son
ABRENTE	A nai de Julia lembra escoitarlo ao seu marido José Díaz Morodo
VILAQUINTE	Manuel Fernández, o pai de Rosalía
VILARANTÓN	Estrella escoitoullo a Carme Álvarez Cadenas

✓ OUTROS DATOS RECOLLIDOS:

- A maioría das persoas sinalan a década dos 50 e comezos dos 60 como datas aproximada nas que se parou de realizar a tradición.
- Ningún dos informantes lembra ningún nome particular para designar esta tradición.
- Case todos sinalan os meses de outono como as datas nas que se acostumaba a realizar. En Son e Vilaquinte din que tamén se facía polo entroido.
- Adoitaban colocalas nos cruces e nos camiños, (ou mesmo preto dos cemiterios) co fin de asustar coas ánimas as persoas que pasaban.
- Non recollemos ningún motivo concreto para a desaparición desta festa. A maioría afirma que se parou de realizar por mor do despoboamento.